

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 11 DE SETEMBRO DE 2017

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial de Ribadumia sendo as trece horas e cuarenta e cinco minutos do día once de setembro de dous mil dezasete, reúnense baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. David J. Castro Mougán, os Tenentes de Alcalde D. J. Enrique Oubiña Lago; D^a M^a del Mar Rey Pérez; D^a M^a do Pilar Martínez Troncoso; e D. José Ramón González Ledo; ós efectos de celebra-la sesión da Xunta de Goberno convocada.-

Actúa como Secretaria Dna. M^a Dolores Franco Mateo.

Aberta a sesión, pasouse a considera-los asuntos incluídos na orde do día.-

1º.- ACTA ANTERIOR.- Dáse conta da acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local con data 10 de agosto de 2017 a cal é aprobada por unanimidade na forma na que está redactada.

2º.- LICENCIAS URBANÍSTICAS.- Sométese á consideración da Xunta de Goberno as solicitudes de Licencias de Obras que se relacionan a continuación, concedéndose as devanditas licencias, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Expdt. 080/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. JONATHAN SABARIS REMISEIRO**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Caleixon Loureiro, nº 10 – 1ºD, na parroquia de Barrantes, sita no concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **"Acondicionamento de local para tenda de fotografía"**, sito na planta baixa do edificio do local 02 na rúa Mimosas, nº 4, na parroquia de Barrantes; Ref. Catastral. 9155903NH1095N0003US.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte *"Que se trata dun local situado na pranta baixa do edificio sito na C/ Mimosas 4, e cunha superficie construída de 127,15 m², segundo o proxecto.*

Para a tramitación presentouse proxecto técnico e oficio de dirección do Arquitecto Técnico D. Eladio Riveiro García, coelsigado PR-648 do colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación de Pontevedra. O

documentos teñen data de rexistro do Colexio Oficial correspondente do 25/08/2017, e data de entrada no Rexistro do Concello do 25 de Agosto de 2017.

O edificio sitúase sobre unha parcela calificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordeación Municipal, publicado no BOP de 11 de abril de 2001, como "SOLO URBÁN DE BARRANTES, ORDENANZA 2-2", cuxa ordenanza de aplicación ven recollida no capítulo V do título VII, artigos 149 ó 155, aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]

c) O sólo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións do solo non urbanizable de núcleo rural, en suas áreas de influencia ou tolerancia, se lle aplicará íntegramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire as edificacións tradicionais existentes, as cales será de aplicación o previsto no artigo 40 desta lei. a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.

Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.b) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano non consolidado. [.../....]

A edificación atópase construída dende o ano 2.006, tal e como se desprende da gráfica descritiva do catastro e no concello non costan denuncias, nin expedientes de reposición da legalidade contra a mesma.

O PXOM contempla no artigo 153.- condicións de usos como un dos usos permitidos en parcela/edificio compartido ou exclusivo, o de equipamentos, que sería no que se encadrarían as actividades do centro de día proxectado.

O Plan Xeral vixente o uso equipamentos ríxese polo establecido no Título VI: normas de usos, capítulo II: uso comercial, artigos 107 o 109.

"Artigo 107.- Regulación do uso comercial.

DEFINICION.

Considerase uso comercial o que se produce nos locais ou edificios destinados á compravenda polo miúdo de bens perecedeiros e duradeiros, así como nos destinados a proporcionar servizos persoais ó público en xeral.

Artigo 108.- Clasificación.

Para efectos da aplicación destas normas, establécense as seguintes categorías:

*A) Pequeno comercio en baixos. (**Quedaría encadreado nesta categoría**)*

B) Comercio en xeral.

C) Grandes centros comerciais

Artigo 109.- Condicións dos locais.

Tódolos locais de uso comercial deberán observa-las seguintes condicións:

1.- Dimensións: Para os efectos da aplicación das determinacións que fagan referencia á superficie de venda, esta dimensión entenderase como a suma da superficie útil de tódolos espazos destinados á atención ó público. Exclúense as superficies destinadas a oficinas, almacenaxe non accesible para o público, zonas de carga e descarga e os aparcadoiros de vehículos e outras dependencias de acceso restrinxido.

A superficie destinada á atención ó público non será menor en ningún caso de 6,00 metros cadrados, nin poderá servir de paso nin ter comunicación directa con ningunha vivenda, agás que se trate de edificación unifamiliar.

A superficie adicada o público en maior de 6 m2.

2.- Accesos: os locais comerciais sitos en edificio compartido disporán en todo caso de acceso separado, sen conexión co portal ou escaleiras do inmovible.

Dispón de acceso separado do portal do inmovible.

3.- Situación: Agás determinación expresa nas Normas Particulares do solo urbano deste P.X.O:M., os locais comerciais situaranse nas plantas baixas e rasante (nas condicións establecidas no apartado 13 de este artigo) dos edificios compartidos, ou en edificios exclusivos deste uso. Excepcionalmente, agás o sector alimentario cando a xuízo do Concello se reúnan as condicións adecuadas, poderase permitir ademais a súa situación na planta primeira, sempre que esta sexa de uso exclusivo comercial.

O local se ubica en planta baixa

4.- Circulación interior: Complementariamente ó disposto nas Normas de Edificación, tódolos percorridos accesibles ó público terán a anchura mínima prevista na NBE-CPI aplicable. Os desniveis na mesma planta salvaranse mediante ramplas ou escaleiras con anchura igual ó resto dos percorridos.

O proxecto xustifica o cumprimento da DB-SI.

5.- *Escaleiras: Complementariamente ó disposto nas Normas de Edificación, o número de escaleiras entre cada dous pisos será de unha por cada 500 m² de superficie de venda no piso inmediatamente superior, ou fracción maior de 250 m², coa anchura mínima prevista na NBE-CPI aplicable.*

Non precisa comunicación con outras plantas.

6.- *Elevadores: Complementariamente ó disposto nas Normas de Edificación, cando o desnivel a salvar dentro do establecemento sexa superior a oito metros, disporase dun aparato elevador por cada 500 m² por riba desa altura; poderán ser substituídos por escaleiras mecánicas sempre que haxa como mínimo un elevador.*

Non precisa comunicación con outras plantas.

7.- *Altura libre de pisos: Complementariamente ó disposto nas Normas de Edificación, a altura libre será como mínimo de 2,70 metros nas plantas ou parte de plantas dedicadas ó uso comercial, por riba ou por debaixo da rasante, e como mínimo no 75% da súa superficie útil. Nos edificios existentes á entrada en vigor do P.X.O.M. a altura mínima prevista neste parágrafo poderá reducirse a 2,50 m.*

A altura libre no local e de 3,30 m salvo no altillo da oficina que será de 2,75 m.

8.- *Aseos: Os locais destinados ó comercio disporán dos seguintes servizos sanitarios: ata 150 m² útiles de atención ó público, un retrete e un lavabo, por cada 200 m² adicionais ou fracción superior a 100 m² aumentarase un retrete e un lavabo, separándose neste caso para cada un dos sexos.*

O local dispón dun aseo adaptado e accesible.

[.../...]

11.- *Iluminación e ventilación: Poderá ser natural ou artificial, no primeiro caso os ocos de iluminación deberán ter unha superficie total non inferior a un oitavo da que teña a planta do local e a ventilación 1/20 ou a necesaria para garantir seis renovacións/hora; exceptuáanse os locais exclusivamente destinados a almacéns, trasteiros, corredores. No segundo caso, esixirase a presentación dunha descrición detallada das instalacións de iluminación e condicionamento do aire, que deberán ser aprobados polo Concello. No caso de sotos, os ocos de ventilación natural deberán como mínimo ser equivalentes ó 0,5% da superficie da planta.*

A iluminación será artificial

A ventilación será artificial

[.../...]

17.- Renovación do aire: Todos os establecementos comerciais deberán ser ventilables e dispoñer dun sistema eficaz de evacuación do aire viciado, sexa de forma natural ou mecánica coas medidas correctoras necesarias coa fin de evitar molestias ó vecindario.

A evacuación de aire quente e/ou viciado dos locais comerciais realizarase de forma que o punto de saída do aire distará, como mínimo, dous (2) metros de calquera oco de fiestra sita no plano horizontal e estará fóra do plano vertical de calquera outro oco. A altura mínima sobre a beirarúa será de de dous (2) metros e estará provisto dunha reixa de 45º de inclinación, que oriente o aire cara arriba no caso de que as distancias á beirarúa sexan inferiores a catro metros, debendo estar dotadas dos filtros apropiados a fin de evitar molestias á veciñanza.

Para volumes de aire superiores a 1 m³/s, a evacuación terá que ser a través de chemineas que teñan unha altura superior nun metro á do edificio. Todo aparato ou sistema de acondicionamento que produza condensación, terá necesariamente unha recollida e conducción de auga eficaz que impida que se produza goteo ó exterior.

De ningún xeito poderá sobresaír dos parámetros de fachada á vía pública ou espazos libres exteriores, nin constituír un elemento discordante na composición. Estas instalacións deberán cumprir a lexislación sectorial de aplicación.

- Sistemas.

a) A renovación ambiental de forma natural e directa ó exterior só se instalará en establecementos de superficie inferior a 250 m², no resto instalarase ventilación mecánica que poderá efectuarse por depresión ou por sobrepresión por conducto exclusivo que se eleve dous (2) metros por riba do beiril da edificación onde estea ubicada a actividade. Realizarase mediante reixas formadas por lamas abatibles. A superficie total da reixa ou reixas será igual ou superior ó 1% da superficie útil a ventilar por este procedemento.

b) Se a renovación ambiental mecánica se efectúa por sobrepresión, o circuito de saída de aire contaminado dirixirase ata a cuberta cumprindo as características constructivas que sinalan.

- Chemineas.

Cando se instale unha cheminea pola fachada con pezas habitables dun edificio, o seu trazado discorrerá de xeito que non existan as fugas que poidan ocasionar molestias ó entorno habitable. Se a chimenea discorrera por unha fachada principal o

seu revestimento exterior levará o mesmo tratamento da fachada, de xeito que non desentone esteticamente do conxunto do edificio. En edificacións existentes situarán en patios interiores ou entrantes de fachada, cunha estética acorde coa edificación existente.

En el local se proyecta un sistema de extracción y ventilación forzado con admisión de aire desde fachada y extracción a través de conductos existentes en el local

- Aseos.

A ventilación de aseos realizarase preferentemente de xeito natural directo, admitindo a ventilación natural indirecta por medio de conductos dirixidos polo falso teito ata a fachada ou ben ata a cuberta do edificio mediante SHUNT de ventilación exclusivos para o establecemento. Deberase evitar a ventilación en horas que non sexan de servizo público. Así mesmo, non poderán servir como soporte de cheiros ou como foco de ruído para o entorno habitable.

La ventilación del aseo se realiza a través de los conductos SHUNT previstos a tal efecto en el edificio.

O proxecto se xustifica o DB-HR, a lei 37/2003 do Ruído, e o RD 1367/2007 que a desenrola se establecen uns obxetivos de calidade acústica para o ruído aplicables no espazo interior habitable de edificacións destinadas a vivenda, onde se prohíbe a emisións fónica nos establecementos ubicados en edificios de vivendas superiores. Establece un NIE DE 72,07 DbA e o horario de funcionamento e diurno dende as 7 ata a 23:00 h.

O proxecto presentado cumpre cos parámetros previstos para este uso no citado PXOM en canto a accesos interiores, altura libre de pisos, dotación de sanitarios e ocos de ventilación.

Así mesmo cumpre co:

- O establecido na lexislación vixente en materia de protección contra incendios (CTE-DB-SI) resultando ter unha ocupación de **34 persoas**.

- O establecido para accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas (CTE-DB-SUA e a Lei 8/1997, de 20 de agosto de Supresión de Barreiras Arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia e mailo Decreto 35/2000 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de Accesibilidade).

- O establecido no R.D. 105/2.008 de "Producción e xestión de residuos de construción e demolición".

- O establecido no R.D. 1371/2007 en cumprimento do D. 232/1.99.3 de Control de Calidade na edificación na C.A. de Galicia.

- O establecido na lei 9/2.013 de emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

- O establecido no D. 106/2015 do 9 de xullo sobre a contaminación acústica de Galicia.

- E xustifica o resto de documentos básicos de CTE, DB-SE, DEB-HE, DB-HS e DB-HR.

Tamén se inclúe o Estudo Básico de Seguridade e Saude das obras que se levarán a cabo para adaptar a oficina bancaria a centro de día.

Se adxunta oficio co nomeamento o autor do proxecto con director da execución das obras.

O orzamento de execución material ascende a cantidade de VINTE CINO MIL CATROCENTOS EUROS (25.400,00 €).

Aporta xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras.

Por todo elo emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión da licenza solicitada, sendo preciso que se aporte o oficio de dirección e o da execución das obras do Arquitecto e do Arquitecto técnico.

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

Segundo o artigo 71 do vixente PXOM ó principia-las obras deberá colocarse en lugar visible un cartel cos seguintes datos: Promotor/a, Técnico redactor/a, Técnico director/a, Contratista, Nº de licenza e data da súa concesión. Neste caso ó tratarse de obra menor, figurarán no cartel os datos relativos ó promotor, obras a executar e número de licenza.

Para o inicio da actividade e necesario aportar:

- **Certificado final de obra, asinado polo director das obras.**
- **Solicitar a visita de comprobación e a comunicación previa de inicio de actividade.**

A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das licenzas

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado.

A declaración de caducidade extinguirá a licenza, non podéndose iniciar nin proseguir as obras ou exercer a actividade, sen a obtención da nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. JONATHAN SABARIS REMISEIRO**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Calaxon Loureiro, nº 10 – 1ºD, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **“Acondicionamento de local para tenda de fotografía”**, sito na planta baixa do edificio do local 02 na rúa Mimosas, nº 4, na parroquia de Barrantes e de acordo co informe do Técnico Municipal.

Expdt. 081/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. ANTONIO CORREIA RODRIGUES**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Bouza, nº 30, na parroquia de Padrenda, sita no Concello de Meaño, polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Canalización de acometida de abastecemento de auga”**, no lugar de As Quintáns, na parroquia de Sisán.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta que:

"1. Obras solicitadas e documentación adxunta.

Solicítase permiso para realizar unha canalización de acometida de abastecemento de auga no lugar de As Quintáns, Sisán, conectándose á rede existente para dar servizo a vivenda. O tramo de conexión solicitado ten unha lonxitude aproximada de 306 metros.

Así mesmo, achégase xustificante do ingreso do ICIO, correspondente ao 2% do importe de execución material das obras (PEM: 1.836,96 €), por importe de 36,74 €.

2. Situación urbanística.

As obras pretenden realizarse nun vial de titularidade municipal no lugar de As Quintáns, nun dos seus marxes. A execución da obra non afectará á capa de rodadura de aglomerado asfáltico existente, realizándose a canalización no beiral mediante unha zanja de 40 cms de profundidade sobre a rasante actual da cuneta, coa instalación dun tubo para acometida de auga de 50mm de diámetro, e posterior recheo e compactación con material da propia excavación.

As obras que se leven a cabo quedarán a favor do concello, xa que se executan no espazo do camiño. Deberá garantirse a calidade dos materiais e a axeitada execución dos traballos, debendo informar os servizos de obras do concello, para que supervisen e controlen a súa execución, a sinalización dos traballos e a seguridade vial.

Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

A instalación de conducións en vía pública considéranse como obra menor segundo establece o artigo 330.1 do PXOM.

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

*Polo exposto emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión do título habilitante solicitado.*

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. ANTONIO CORREIA RODRIGUES**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Bouza, nº 30, na parroquia de Padrenda, sita no Concello de Meaño, para levar a cabo as obras de **“Canalización de acometida de abastecemento de auga”**, no lugar de As Quintáns, na parroquia de Sisán e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 082/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. JOSE ANTONIO PEREIRA RODRIGUEZ**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Sisenla, nº 8, na parroquia de Sisán, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Peche de finca con bloque e enreixado”**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Sisán; Ref. Catastral. 7249518NH1074N0001WI.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta que:

“1. Obras solicitadas e documentación adxunta.

Solicítase peche de finca con bloque de formigón e enreixado, no testeiro da parcela, nunha lonxitude de 44 metros lineais, según se indica no plano catastral.

Así mesmo, achégase xustificante de ingreso do ICIO, correspondente ao 2% do importe de execución material das obras (PEM: 2.112 €), por importe de 42,24 €.

2. Situación urbanística.

A parcela na que se pretenden levar a cabo as obras solicitadas está calificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP do 11 de abril do mesmo ano, como “SOLO de NÚCLEO RURAL (SNR)”.

En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no indicado no apartado 2 da disposición transitoria primeira “Réxime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento”, que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro de

Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesa, conforme as seguinte regras: [.../...]

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no PXOM no Capítulo II do Título VIII: Normas particulares do Solo de Núcleo Rural, artigos 185 ao 192.

*Será de aplicación o establecido no artigo 190.5.2 do PXOM referente a Condicións de posición. Neste caso, **o peche non terá que retranquearse, xa que non da fronte co camiño.***

En relación ás características tipolóxicas dos peches, segundo establece o artigo 477.- Pechamentos, no citado PXOM:

3.- Nas parcelas con edificación aillada, o peche dos seus lindes resolverase con elementos cegos dun metro de altura máxima, completados no seu caso con proteccións diáfanas acordes estéticamente co lugar, pantallas vexetais ou solucións similares, ata unha altura máxima de 2,50m, ou con pechamentos de estética conforme co lugar, en mampostería ordinaria que non superen unha altura de 2 m. Os lindeiros laterais e testeiros entre distintas parcelas con edificación aillada poderán pechase con proteccións diáfanas e pantallas vexetais ata unha altura máxima de 2m.

Polo tanto, o peche proposto non poderá superar un metro de altura na súa parte cega, completándose co enreixado proposto ata os 2 metros de altura como máximo. Así mesmo, o bloque deberá ser revestido e pintado en ámbalas caras.

Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

*Polo exposto emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión do título habilitante solicitado.*

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. JOSE ANTONIO PEREIRA RODRIGUEZ**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Sisenla, nº 8, na parroquia de Sisán, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **“Peche de finca con bloque e enreixado”**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Sisán e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 083/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **DNA. MARIA JESUS TORRES CALVO**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Barrantiños, nº 3A, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Colocación de casqueiros”**, na finca 237 do polígono 1, sita no lugar de Castiñeiro, na parroquia de Barrantes; Ref. Catastral. 36046F501002370000ZX.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta que:

“1. Obras solicitadas e documentación adxunta.

Solicítase a colocación de casqueiros de pedra no madarrón do fronte de finca, nunha lonxitude de 15 metros, situada no lugar arriba referenciado.

Así mesmo, achégase xustificante do ingreso do ICIO, correspondente ao 2% do importe de execución material das obras (PEM: 360 €), por importe de 7,20 €.

2. Situación urbanística.

A parcela na que se pretenden levar a cabo as obras solicitadas está calificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP do 11 de abril do mesmo ano, como “SOLO DE NÚCLEO RURAL (SNR)” e “SOLO RÚSTICO COMÚN (SR-C)”. A edificación froito das obras a executar está situada integramente na zona calificada como SR-C, sendo por tanto de aplicación a norma referida a ese tipo de solo.

En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no indicado no apartado 2 da disposición transitoria primeira "Régime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento", que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesa, conforme as seguinte regras: [.../...]

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico.

En consecuencia disto, segundo os artigos 34.2.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do artigo 49.2.a) do decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aos solos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme serán considerados como "Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria". Polo tanto, a edificación na que se levarán a cabo as obras está situada en "SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA".

Que segundo o disposto no artigo 35 da lei 2/2016, entre os usos e actividades admisibles en solo rústico estarían os muros de contención, así como valado de predios (apartado b). Que as obras que se pretenden realizar (colocación de casqueiros) son asimilables á construción dun peche e polo tanto están permitidas, e deberán cumprir as condicións de posición e alturas que lle sexan esixibles.

*Que segundo o artigo 214 do PXOM, os pechamentos definitivos das fincas en solo rústico deberán situarse a unha distancia mínima de 5 metros ao eixo do camiño, cun mínimo de 2,50m ó borde exterior da capa de rodadura da vía. Polo tanto, **a colocación dos casqueiros situarase a 5 m do eixo e respecto do camiño.***

Terase en conta o que establece o PXOM no artigo 214 no apartado 3.- "En ningún caso, os pechamentos poderán interromper o curso natural das augas nin favorece-la erosión ou arrastre de terras".

Que segundo o artigo 39 da lei 2/2016, no seu apartado c).- "As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións do entorno, sen perxuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.". A utilización de casqueiros de pedra pode considerarse como un material apto segundo o anterior.

As obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

*Polo exposto emítese **INFORME FAVORABLE** para a concesión do título habilitante solicitado.*

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **DNA. MARIA JESUS TORRES CALVO**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Barrantiños, nº 3A, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **“Colocación de casqueiros”**, na finca 237 do polígono 1, sita no lugar de Castiñeiro, na parroquia de Barrantes e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 084/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. MANUEL MIGUEL CASTRO VAZQUEZ**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Bouza Martin, nº 24 – 2ºB, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Cambio de ventá en terraza”**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Barrantes; Ref. Catastral. 9157008NH1095N0001QP.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta que:

“1. Obras solicitadas e documentación adxunta.

Solicítase cambio de ventá en terraza en edificio situado en Bouza Martín 24, 2ºB, Barrantes.

Así mesmo, achégase xustificante de ingreso do ICIO, correspondente ao 2% do importe de execución material das obras (PEM: 1.869 €), por importe de 37,38 €.

Non aporta licenza de construción da edificación; non obstante no catastro consta que foi construída no ano 1976, e nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a finca expediente de infracción urbanística.

2. Situación urbanística.

A parcela na que se pretenden levar a cabo as obras solicitadas está calificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 13 de marzo de

2001 e publicado no BOP do 11 de abril do mesmo ano, así como na Modificación Puntual nº2 do citado PXOM, aprobada definitivamente o 17 de xullo de 2013, como SOLO URBANO, ORDENANZA 2: RESIDENCIAL INTENSIVA EN GRADO 1 (SU-2.1).

En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no indicado no apartado 2 da disposición transitoria primeira "Régime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento", que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesa, conforme as seguinte regras: [.../...]

a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) da presente lei, aplicaráselle o disposto na mesma para o solo urbano consolidado.

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no PXOM no Capítulo III do Título VII: Normas particulares do Solo Urbano, artigos 149 ao 155.

Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

*Que as obras que se pretenden realizar poden considerarse de mantemento e conservación, e polo tanto son compatibles coa calificación do solo e ordenanza correspondente, sempre e cando se executen conforme ó solicitado, **non podendo** aumentar volume ou superficie edificada, facer modificacións na pendente da cuberta ou cambio na estrutura.*

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

*Polo exposto emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión do título habilitante solicitado.*

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

1º.- Conceder licencia urbanística á **D. MANUEL MIGUEL CASTRO VAZQUEZ**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Bouza Martin, nº 24 – 2ºB, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **"Cambio de ventá en terraza"**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Barrantes e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 085/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **DNA. MARIA DEL CARMEN PADIN FANDIÑO**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Constenla, nº 9, na parroquia de Couselo, sita no Concello de Cuntis, polo que solicita autorización para a realización de obras de **"Peche de finca con bloque e portal de acceso"**, na rúa Cruceiro Vello, nº 6, na parroquia de Ribadumia; Ref. Catastral. 9968103NH1096N0001TR.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta que:

"1. Obras solicitadas e documentación adxunta.

Solicítase peche de finca con bloque de formigón, poste e arames (lonxitude: 45 m), e colocación de portal de acceso (lonxitude: 7 m), en parcela situada en Cruceiro Vello, Ribadumia.

Achégase autorización da Deputación de Pontevedra (expediente: 2017001661) por encontrarse en zona de afección da estrada EP-9305.

Así mesmo, achégase xustificante de ingreso do ICIO, correspondente ao 2% do importe de execución material das obras (PEM: 2.160 €), por importe de 43,20 €.

Non aporta licenza de construción da edificación; non obstante no catastro consta que foi construída no ano 1982, e nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a finca expediente de infracción urbanística.

2. Situación urbanística.

A parcela na que se pretenden levar a cabo as obras solicitadas está calificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP do 11 de abril do mesmo ano, así como na Modificación Puntual nº2 do citado PXOM, aprobada definitivamente o 17 de xullo de 2013, como "SOLO URBANO DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL EXTENSIVA (ORDENANZA 1) (SU-1)".

En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no indicado no apartado 2 da disposición transitoria primeira "Réxime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento", que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesa, conforme as seguinte regras: [.../...]

a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) da presente lei, aplicaráselle o disposto na mesma para o solo urbano consolidado.

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no PXOM no Capítulo III do Título VII: Normas particulares do Solo Urbano, artigos 143 ao 148.

En relación ás características tipolóxicas dos peches, segundo establece o artigo 148.- Condicións particulares:

a) Pechamentos de parcela: Os pechamentos faranse en fábrica, opacos ou macizos, cunha altura máxima de 1m, puidéndose completar ata un máximo de 2,50m mediante materiais lixeiros ou vexetación, en tódolos frontes da parcela excepto o testeiro, en que a parte maciza poderá acadar esta altura.

O peche previsto é conforme coa normativa, coa condición de que o bloque non poderá quedar visto e deberá ser revestido.

Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

*Polo exposto emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión do título habilitante solicitado.*

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

1º.- Conceder licencia urbanística á **DNA. MARIA DEL CARMEN PADIN FANDIÑO**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Constenla, nº 9, na parroquia de Couselo, sita no Concello de Cuntis, para levar a cabo as obras de **"Peche de finca con bloque e portal de acceso"**, na rúa Cruceiro Vello, nº 6, na parroquia de Ribadumia e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 086/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. RAMON DOMINGUEZ NUÑEZ**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Conchidos, nº 14, na parroquia de Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras para **"Retellar borde de cuberta en vivenda unifamiliar"**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Ribadumia; Ref. Catastral. 8960302NH1086S0001BI.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta que:

"1. Obras solicitadas"

Retellado e illamento de cuberta en vivenda unifamiliar nunha superficie aproximada de 115.20 m2.

Achega xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras que ascende á cifra de 8.404.00 euros.

2. Situación urbanística

*A parcela sinalada está clasificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, como **SOLO DE NUCLEO RURAL (SNR)** e conta con todos os servizos urbanísticos que sinala o art. 17.1 da Lei do Solo de Galicia.*

*A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro na súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non conten co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, **"Ó solo incluído nos ámbitos dos núcleos rurais,..." aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo (PXOM vixente), salvo no que se refire as edificacións tradicionais existentes"**.*

Non achega licenza de construción dá edificación, non obstante no catastro consta que foi construída no ano 1.962, e nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a leira, expediente de infracción urbanística.

3. Características das obras

As obras que se pretenden realizar poden considerarse de mantemento e conservación, e polo tanto son compatibles coa cualificación do solo e ordenanza correspondente, sempre e cando se executen conforme ó solicitado, sen aumento de volumen e mantendo a estrutura actual da edificación.

O expediente cumpre con o Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

*Que polo exposto emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión dá licenza solicitada.*

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. RAMON DOMINGUEZ NUÑEZ**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Conchidos, nº 14, na parroquia de Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras para **"Retellar borde de cuberta en vivenda unifamiliar"**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Ribadumia e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 087/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. DANIEL ALEJANDRO OTERO MAYORAL E DNA MARIA JESUS TORRES CASTRO**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Ramón Cabanillas, nº 3 – 2ªA, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras para a **"Construción dun galpón agrícola"**, no lugar de Pereiriña, na parroquia de Sisán, na parcela catastral 70 do polígono 2; Ref. Catastral. 36046A002000700000YA.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta que:

"1. DOCUMENTACION PRESENTADA

A documentación presentada no expediente é a seguinte:

Con data 30/07/2016, preséntase a seguinte documentación:

- *Solicitud de licenza de obras realizada a nome de Dna. **MARÍA JESÚS TORRES CASTRO** e **DANIEL ALEJANDRO OTERO MAYORAL**, e*

recollidas no Proxecto Técnico de construción de edificación destinada a almacén agrícola, redactado polo arquitecto D. Francisco Galiñanes Chaves, colexiado nº 3477.

- *Copa da inscrición no rexistro de viñas do solicitante Daniel Alejandro Otero Mayoral.*
- *Copia da escritura de venta, otorgada por M^a Luisa Torres Castro a favor de M^a Jesús Torres Castro, con data 6/09/2009.*
- *Copia de escritura de expediente particional, otorgada por Manuel Torres Viñas a favor de M^a Jesús Torres Castro, con data 10/09/2009.*
- *Copia autorizada de testamento, otorgada por Manuel Torres Vilas, con data 09/09/1998.*

Con data 25/01/2017 preséntase como documentación complementaria, a requerimento do técnico municipal D. Carlos Urdampilleta Barreiro (data de requerimento 04/01/2017, rexistro saída nº 9) a seguinte documentación:

- *Xustificante do ingreso de 195,34 euros polo concepto de I.C.I.O., de data 9/01/2017.*
- *Planos de estrutura e memoria de xustificación estrutural da cuberta.*

Con data 08/02/2017 preséntase informe de autorización por parte da Consellería de Medio Rural e do Mar para as obras solicitadas (Informe ref: 207/2017).

Con data 07/08/2017 preséntase informe de autorización por parte de Augas de Galicia para as obras solicitadas (clave DH.W36.56306), na que se especifica que se deberá deixar en todo momento unha zona de servidume para uso público consistente nunha banda de 5 m de ancho.

Con data 10/08/2017 preséntase documentación complementaria correspondente con Certificado de Colexición do arquitecto D. Francisco Galiñanes Chaves, e modificación nos planos do proxecto A01 (plano de emprazamento) e A02 (alzados), adxuntando tamén un novo plano A03 (perfís transversais).

Con data 29/08/2017 preséntase documentación complementaria correspondente con Escrito de cesión e plano U02 (plano de emprazamento e planta de cesións), na que figura unha superficie de cesión total de 73.20 m².

2. SITUACIÓN URBANÍSTICA

A parcela na que se pretende levar a cabo a construción está calificada en el P.X.O.M. como SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA (SR-P7).

A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro e o indicado no apartado 2.d) da súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non contén co Planeamento adaptado a esta Lei nin a Lei 9/2002, "Ó solo incluído no ámbito do Solo Rústico,..., aplicaráselle o disposto na Lei", a cal regula este tipo de Solo en la Sección 4ª, artigos 31 ao 40.

- *O artigo 35 regula os Usos e actividades en SR enunciando no apartado g) como admisibles as construcións e instalacións agrícolas en xeral tales como as destinadas ao apoio de explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.*

No expediente xustifícase a existencia dunha explotación vitivinícola sobre a leira.

- *Artigo 39, para obter o título habilitante municipal, esixe a xustificación dos extremos seguintes:*

b) As condicións da edificación, características tipolóxicas, estéticas, construtivas, materiais, cores e acabados serán acordes á paisaxe rural e o volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes con unha altura máxima de cornixa de 7 metros.

A edificación é de planta baixa cunha altura de cornixa de 3,75 m., inferior á máxima autorizada e as características tipolóxicas, volume e materiais de fachada poden considerarse acordes coa paisaxe rural (coberta de tella cerámica e muro de bloque enfoscado e pintado).

c) Cumprir as condicións de posición e implantación nunha parcela mínima de 2.000 m², unha ocupación máxima do 20% da superficie da leira, situando o edificio no lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía e un retranqueo mínimo a lindeiros de 5m.

O proxecto cumpre coas condicións de parcela mínima, porcentaxe de ocupación da mesma e retranqueos a lindeiros.

Establécese unha cesión de 73,20 m² para viarias e un retranqueo de 5 m. para o peche frontal da leira respecto do eixo do viario.

d) *Farase constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas polo título habilitante municipal.*

3. CONCLUSIONES

*Polo exposto, emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión da autorización.*

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. DANIEL ALEJANDRO OTERO MAYORAL E DNA MARIA JESUS TORRES CASTRO**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Ramón Cabanillas, nº 3 – 2ªA, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras para a **“Construción dun galpón agrícola”**, no lugar de Pereiriña, na parroquia de Sisán, na parcela catastral 70 do polígono 2 e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 088/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de D. José Luis Alfonso Galáns, en representación de **CONSERVAS DE CAMBADOS, S.L.**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Porto, s/n, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Construción de almacén para ampliación de instalacións de conservas de pescados e mariscos”**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Barrantes; Ref. Catastral. 36046B501050450000XG e 36046B501050450001MH.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte *"A parcela na que se pretende levar a cabo as obras solicitadas está calificada como **SOLO RÚSTICO COMÚN (SRC)**, polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da*

presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....] d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico. / E segundo o artigo 33. Solo rústico de protección ordinaria. / 1. O planeamento clasificará como solo rústico de protección ordinaria os seguintes terreos: a) Os que non resulten susceptibles de transformación urbanística pola perigosidade para a seguridade das persoas e os bens, motivada pola existencia de riscos de calquera índole. b) Aqueles que o planeamento considere innecesarios ou inapropiados para a súa transformación urbanística. / 2. O plan xeral de ordenación municipal poderá excluír desta clase de solo, xustificadamente, aqueles ámbitos que resulten necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional. [.../....] // O SÓLO RÚSTICO COMÚN se corresponde en principio co SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA. // [.../....] d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico. E segundo o artigo 33. Solo rústico de protección ordinaria. / 1. O planeamento clasificará como solo rústico de protección ordinaria os seguintes terreos: a) Os que non resulten susceptibles de transformación urbanística pola perigosidade para a seguridade das persoas e os bens, motivada pola existencia de riscos de calquera índole. b) Aqueles que o planeamento considere innecesarios ou inapropiados para a súa transformación urbanística. / 2. O plan xeral de ordenación municipal poderá excluír desta clase de solo, xustificadamente, aqueles ámbitos que resulten necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional. [.../....] // En aplicación da DT.1ª.2 da LS, ao solo rústico do planeamento non adaptado á lei 972.002, aplicaráselle o establecido na presente lei para o solo rústico, sen indicarse o mantemento da vixencia das categorías de solo contempladas no planeamento respectivo. Polo tanto, os artigos 34.2.a) da lei e 49.2.a) do regulamento sobre a clasificación do solo como rústico de especial protección agropecuaria para aqueles terreos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme, é de aplicación directa neste plan. // A parcela e a 723 do pólígono 05, da Zona de concentración Parcelaria de Ribadumia II, e por tanto a clasificación se corresponde co **SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA**. [.../....].

EDIFICACIÓN EXISTENTE

Se pretende a ampliación en edificación independente dun inmoble dunhas instalacións existentes de conservas de pescados e mariscos, coa finalidade de aumentar o almacenamento actual.

O solicitante e propietario dunhas instalacións para elaboración de conservas, que ocupan unha superficie total de 3.680 m², sitas nunha finca da súa propiedade cunha superficie de 5.876 m² (ref. catastral 36046B501050450000XG y 36046B501050450001MH, para as que obtivo as preceptivas licenzas e autorizacións de obras e actividade.

Na actualidade precisa incrementar o espazo de almacenamento, para o que proxecta a execución dunha nave independente nunha parcela anexa a súa e que previo a esta solicitude as ten agrupado.

OBRAS SOLICITADAS.

Pretende a construción dunha nave independente, para ampliar o almacenamento actual das instalacións

LEXISLACIÓN APLICABLE

O uso pretendido, se engloba segundo o establecido no artigo 35 da LS de Galicia, dentro do apartado ñ) do punto 1 "construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa coa natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural."

O uso e preexistente e a nave proxectada se destina o almacenamento dos produtos da elaboración da conserva.

E de aplicación o establecido nos apartados 2 e 3 do Artigo 36 da LS de Galicia, / 2.- En todo caso, o solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente con carácter previo a obtención do título habilitante municipal ou autorización autonómica nos casos nos que esta fose preceptiva segundo o disposto no número seguinte. / 3.- Os usos contemplados nas letras n) e ñ) do artigo anterior, haberán de ser obxecto da autorización da persoa titular do órgano autonómico competente en materia de urbanismo con anterioridade a obtención do título habilitante municipal.

Xustifica que no e necesario aportar autorización previa do órgano autonómico en materia de urbanismo, polo disposto na a D.T, 4ª Explotacións e instalacións de apoio a actividade agropecuaria e forestal existentes. Que establece no apartado 1, que as construcións e instalacións existentes poderán manter a súa actividade, no apartado 2, que previa obtención de licenza municipal, as ampliacións que non superen o 50 % do volume orixinario da edificación, non teñen que cumprir os parámetros contemplados no artigo 39 da presente lei, excepto a altura e sempre que manteñan a actividade da explotación de apoio, e que se adopten as medidas correctoras necesarias para garantir as condicións sanitarias, para minimizar a incidencia sobre o territorio e para mellor protección da paisaxe.

A edificación proxectada e inferior o 50 % da ampliación da existente.

Aportar autorización do Organismo que ostente a competencia sectorial competente da Consellería do Medio Rural, por atoparse nun solo rústico de especial protección (segundo establece o apartado 2 do artigo 36 Réxime de usos, da LS de Galicia).

Adxunta a autorización do órgano sectorial competente

Toda vez que a nave almacén proxectada, so e viable si vai vinculada a actividade da actual nave da empresa conserveira, e que esta se proxecta nunha finca colidante; e segundo o que se establece no punto 2 da Disposición Transitoria 3ª do Regulamento da LS de Galicia, que establece no punto "7º. En canto a localización da ampliación, poderá ser incluso en volume independente. En todo caso, a ampliación deberá realizarse na parcela orixinal."). Para poder informar o expediente, deberá aportar escritura de agrupación de ambas fincas.

Aporta escritura de agrupación das fincas.

Xustificación o RD 2267/04 cumprimento do regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais, coas medidas de protección proxectadas, recorridos de evacuación e carga do fogo.

Respecto o artigo 24.7.a) da lei 2/2016 nos indica que "as características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións tradicionais do asentamento, sen prexuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica."

Os materiais empregados son tradicionais da zona

Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 285.- "Licencia de Obra Maior.

Aporta proxecto técnico.

Nas condicións de edificación a proxectada garda os retranqueos de 5 metros a lindeiros, a altura da edificación, a ocupación e a edificabilidade, están dentro das que establece a lei do solo.

Aclara na documentación anexa, a discrepancia existente entre o presuposto que obra no proxecto básico (104.000,00 €) y polo que se liquidou o imposto do ICIO, e o que se aportou na documentación adxunta.

Aporta xustificante de pago da liquidación da diferenza do imposto do ICIO entre ambos presupostos de Execución Material.

En cumprimento do que establece a lei e o R.D. 1627/1997 de 24 de outubro o proxecto inclúe estudio básico de Seguridade e Saúde.

*Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da licenza solicitada.*

Non poderá iniciar a sobras, si previamente non aporta a seguinte documentación:

- Copia do oficio co nomeamento do director de obra e do coordinador de seguridade e Saúde.*
- Copia do proxecto de execución.*

Unha vez rematadas as obras, deberá aportar a seguinte documentación:

- *Certificado final de obra, asinado polo director de obra e visado polo seu colexio profesional.*
- *Solicitud de visita de comprobación.*

VARIOS

*Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM **a licenza caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.*

A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das licenzas

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinarase os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **CONSERVAS DE CAMBADOS, S.L.**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Porto, s/n, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras para a **“Construción de almacén para ampliación de instalacións de conservas de pescados e mariscos”**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Barrantes e de acordo co informe do Técnico Municipal.

2º.2- OUTRAS LICENCIAS.-

2º.2.1- AUTORIZACIÓN PARA COLOCACIÓN DUN ESPELLO DE SEGURIDADE CONVEXO.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D.**

ISIDORO BAULO GONDAR, con domicilio a efectos de notificación na rúa Carrasqueira, nº 8, na parroquia de Sisán, no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para "**Colocación dun espello de seguridade convexo**", no fronte a saída do garaxe da súa vivenda, sita no lugar do seu domicilio, na parroquia de Sisán e con Ref. Catastral xenérica 7148306NH1074N0001II.

Visto o informe emitido polo Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte: "*Se solicita a colocación dun espello de seguridade convexo, na beirarrúa contraria a da saída da finca da vivenda sita na **Rúa Carrasqueira, 8 – Sisán**. A finalidade e mellorar a visibilidade para a saída dos vehículos.*



Vista xeral da calle



Vista xeral da calle

Dede o punto de vista técnico a instalación do espello parece necesaria, xa que a entrada do garaxe se atopa na aliñación do edificio e directament ca beirarrúa, polo que existe pouca visibilidade para saír a calle, polo que que por parte do concello non existe inconviniente para a súa instalación, tendo en conta que:

- *Debido a que a rúa e estreita, o espello deberá quedar ubicado no peche da vivenda que se atopa na fronte do camiño, para o que deberá aportar autorización do mesmo para a súa ubicación, sen invadir o vial público.*
- *Os custos do espello e súa colocación deberán ser costeados polo solicitante.*
- *O solicitante deberá aportar no concello, un documento no que se responsabiliza e compromete do mantemento e conservación do espello.*
- *A instalación de berá garantir que a altura libre dende o sólo ata a parte inferior do espello deberá ser mínimo de 3,00 m.*

*Dende o punto de vista técnico **SE PODE AUTORIZAR** a colocación do **ESPELLO DE SEGURIDADE CONVEXO** solicitado, nas condicións establecidas neste informe".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder autorización para "**Colocación de un espello de seguridade convexo**" no fronte a saída do garaxe da vivenda sita en rúa Carrasqueira, nº 8, na parroquia de Sisán, a favor de **D. ISIDORO BAULO GONDAR** de acordo co informe do Técnico Municipal.

3º.- AUTORIZACIÓN DE FUNCIONAMENTO E APERTURA.-

Sométese á consideración da Xunta de Goberno os escritos de comunicación previa de Actividade e cambios de titularidade que se relacionan a continuación, concedéndose autorización de actividade e apertura, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

3º.1.- AUTORIZACIÓNS DE FUNCIONAMENTO E APERTURA.-

3º.1.1.- Autorizacións de funcionamento e apertura de "COMERCIO Ó POR MENOR DE CALZADOS E COMPLEMENTOS DE PEL".-

Expdt. AC09/17.-Dase conta da comunicación previa que se presenta a instancia de **DNA. SANDRA CARRO DOMINGUEZ**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Cardalda, nº 80, na parroquia de Deiro, sita no Concello de Vilanova de Arousa, pola cal se comunica o inicio de actividade de "**COMERCIO O POR MENOR DE CALZADOS E COMPLEMENTOS DE PEL**" nun local sito na rúa Espadeiro, nº 6, na parroquia de Barrantes, Ref. Catastral.9295018NH1095N0035RS.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte "*Que se solicita licenza de primeira ocupación para as obras de acondicionamento do local e a licenza de funcionamento para actividade de **COMERCIO AL POR MENR DE CALZADOS E COMPLEMENTOS DE PEL**, segundo establece o art. 345 ao 347 do PXOM de (Ribadumia), construído ao amparo da licenza núm. **123/15**, da Xunta de Goberno Local do 11/12/15.*

Que se presenta para a licenza de funcionamento e apertura:

- *Proxecto de legalización de obras para acondicionamento de local comercial destinado a Zapateria.*

- *Informe da arquitecta autora do proxecto sobre a certificación das obras executadas coa solicitude tramitación do expediente de funcionamento.*

Que o pasado 30 de agosto de 2017 fixen visita de comprobación coa finalidade de verificar que as instalacións correspondían coa licenza concedida e a documentación aportada. Na visita comprobei os seguintes feitos:

- *O emprazamento real do local e as dimensións do mesma coinciden cos planos do proxecto e o da documentación do proxecto de legalización da actividade.*
- *Que as instalación axústanse ó proxecto aprobado no seu caso, ás medidas correctoras impostas.*

Consideracións xerais:

- *Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel responde o seu autor para tódolos efectos (art.143.3 da lei 2/2016).*
- *Según o Artigo 335 do PXOM.- Responsabilidade. A obtención de licenza de primeira ocupación non exonera ós titulares da mesma, constructores ou técnicos, de responsabilidades en relación coa actuación e de acordo coa lexislación aplicable.*
- *A obriga do titular da licenza de manter en perfecto estado e segundo establece a lexislación vixente, as instalacións de protección contra o lume.*

*A obra executada e conforme co proxecto e licenza concedidas no seu día e son conformes ca ordenanza que o PXOM vixente e por tanto emito **INFORME FAVORABLE** para obter a licenza de **FUNCIONAMENTO** da actividade".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres, asistentes acorda:1º.- Darse por enterada do escrito presentado por **DNA. SANDRA CARRO DOMINGUEZ**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Cardalda, nº 80, sita no Concello de Vilanova de Arousa, polo que presenta comunicación previa de actividade de "**COMERCIO Ó POR MENOR DE CALZADOS E COMPLEMENTOS DE PEL**", nun local sito na rúa Espadeiro, nº 6, na parroquia de Barrantes, acordándose autorizar a actividade, de acordo coa visita de comprobación e informe técnico emitido.

3º.1.2.- Autorizacións de funcionamento e apertura de "ADEGA".-

Expdt. AC10/17.-Dase conta da comunicación previa que se presenta a instancia de **DNA. MARIA TERESA PINTOS RODRIGUEZ**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Cruceiro, nº 1, na parroquia de Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia, pola cal se comunica o inicio de actividade de **"ADEGA"** na planta baixa da vivenda e nunha edificación auxiliar da parcela situada no lugar do seu domicilio, na parroquia de Ribadumia, Ref. Catastral. 9275237NH1097N0001AZ.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte: *"Que se solicita licenza de primeira ocupación para as obras de acondicionamento do local e a licenza de funcionamento para actividade de **ADEGA**, segundo establece o art. 345 ao 347 do PXOM de (Ribadumia), construído ao amparo da licenza núm. **120/16**, da Xunta de Goberno do 19/10/16.*

Que se presenta para a licenza de funcionamento e apertura:

- *Solicitud de visita de comprobación.*
- *Certificado final de obra*
- *Reportaxe fotográfico*
- *Certificados de instalacións das empresas instaladoras*
- *Contrato de recollida de residuos obtidos no proceso de elaboración descrito no proxecto.*
- *Contrato de mantemento das instalacións de PCI, con empresa*

Que o pasado 01 de setembro de 2017 fixen visita de comprobación coa finalidade de verificar que as instalacións correspondían coa licenza concedida e a documentación aportada. Na visita comprobei os seguintes feitos:

- *O emprazamento real do local e as dimensións do mesma coinciden cos planos do proxecto e o da documentación do proxecto de actividade.*
- *Que as instalación axústanse ó proxecto aprobado no seu caso, ás medidas correctoras impostas.*

Consideracións xerais:

- *Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel responde o seu autor para tódolos efectos (art.143.3 da lei 2/2016).*

- *Según o Artigo 335 do PXOM.- Responsabilidade. A obtención de licenza de primeira ocupación non exonera ós titulares da mesma, constructores ou técnicos, de responsabilidades en relación coa actuación e de acordo coa lexislación aplicable.*
- *A obriga do titular da licenza de manter en perfecto estado e segundo establece a lexislación vixente, as instalacións de protección contra o lume.*

*A obra executada e conforme co proxecto e licenza concedidas no seu día e son conformes ca ordenanza que o PXOM vixente e por tanto emito **INFORME FAVORABLE** para obter a licenza de **FUNCIONAMENTO** da actividade”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres, asistentes acorda:1º.- Darse por enterada do escrito presentado por **DNA. MARIA TERESA PINTOS RODRIGUEZ**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Cruceiro, nº 1, na parroquia de Ribadumia, polo que presenta comunicación previa de actividade de **“ADEGA”** na planta baixa da vivenda e nunha edificación auxiliar da parcela situada no lugar do seu domicilio, acordándose autorizar a actividade, de acordo coa visita de comprobación e informe técnico emitido.

3º.1.3.- Autorización de funcionamento e apertura de “TALLER DE REPARACIÓN DE MOTOCICLETAS”.-

Expdt. AC11/17.- Dase conta da comunicación previa que se presenta a instancia de **CELESTINO CORES BLANCO**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Revolta, nº 12, na parroquia de Besomaño, sita no Concello de Ribadumia, pola que comunica o inicio de actividade de **“TALLER DE REPARACIÓN DE MOTOCICLETAS”** nun local sito na rúa Albán, s/n, na parroquia de Ribadumia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres, asistentes acorda: 1º.- Darse por enterada do escrito presentado por **CELESTINO CORES BLANCO**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Revolta, nº 12, na parroquia de Besomaño, polo que presenta comunicación previa de actividade de **“TALLER DE REPARACIÓN DE MOTOCICLETAS”** nun local sito na rúa Albán, s/n, na parroquia de Ribadumia, autorizando a actividade, vista a acta de comprobación e inspección técnica emitida polo Arquitecto.

4º.- INFORME DO DEPARTAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS SOBRE TARXETA DE ESTACIONAMENTO CON DISCAPACIDADE.-

Dase conta do Informe emitido pola Traballadora Social dos Servicos Sociais Comunitarios de data 25 de agosto de 2017, no que informa que "D. Celso Varela Romay con D.N.I 76.844.274-D e con domicilio en Rúa Castaños, 4 – Barrantes - Ribadumia ten dereito a tarxeta de estacionamento con discapacidade en base ó informe de dependencia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes, acorda: Aprobar a tarxeta de estacionamento con discapacidade proposta pola Traballadora Social.

5º.- SOLICITUDE PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA "ADEGA".-

Dase conta do orzamento presentado por D. Francisco Bañobre Gonzalez, en representación da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza "ADEGA" no que se recolle a coordinación da X limpeza de ríos por parte da Asociación e Proxecto Ríos que veñen organizando esta actividade como unha importante ferramenta na educación ambiental e concienciación cidadá cara a conservación dos ecosistemas fluviais.

O obxectivo desta actividade é achegar as persoas ao río e denunciar a contaminación e o deterioro dos mesmos, un dos problemas ambientais mais graves de Galiza, e para levar a cabo esta actividade solicitan unha axuda económica de 250,00.- € en concepto de colaboración.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda conceder á Asociación "ADEGA" a axuda solicitada por importe de 250,00 euros, para a realización das actividades que veñen desenvolvendo para a X Limpeza Simultánea de Ríos no ámbito municipal.

6º.- LIQUIDACION DE GASTOS DA MANCOMUNIDADE DO SALNES DO PRIMEIRO CUATRIMESTRE DE 2017.-

Dase conta da liquidación de gastos remitida pola Mancomunidade do Salnés, correspondente ó primeiro cuatrimestre de 2017, relativa a adquisición de terreos para a ampliación do Hospital do Salnés e para a cal, a Mancomunidade foi beneficiaria de un anticipo formalizado coa Caixa de Anticipos da Deputación Provincial.

Dase conta do importe da amortización correspondente a segunda anualidade do anticipo formalizado coa Caixa de Anticipos de Cooperación da Deputación Provincial, e que dita anualidade ascende a un total de 11.912, 74 euros, correspondendolle ó Concello de Ribadumia un importe de 1.424, 18 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes acorda prestarlle aprobación á devandita liquidación de gastos.

7º.- PRESUPUESTO PARA REALIZACIÓN DA REFORMA DA INSTALACIÓN E ADAPTACIÓN DA ALTA DE SUMINISTRO ELECTRICO NA CASA DE CULTURA DE BESOMAÑO.-

Dase conta de que tense detectado que existen deficiencias no subministros eléctricos da Casa de Cultura de Besomaño, e polo tanto considerase necesario proceder a solicitude de 9,20 KW para dita parcela con Ref. Catastral 36046C502002210001JD, na rúa Revolta, na parroquia de Besomaño (Expte. 248317060066).

Visto o presuposto presentado por Unión Fenosa Distribución, para a realización do subministro eléctrico, que comprende o seguinte desglose de conceptos polos importes referidos:

- Traballos de reforzo, adecuación, adaptación ou reforma de instalacións da rede de distribución existente en servizo, necesarios para as novas instalación.....3.064,78€ (IVA engadido).
- Traballos necesarios para a nova extensión de rede dende a rede de distribución existente.....3.647,34€ (IVA engadido).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

1º.- Prestar aprobación ó devandito Orzamento, pola conexión da potencia 9,20KW para a Casa de Cultura de Besomaño, autorizando o gasto correspondente.

8º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CONCELLOS GALEGOS PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE NOS EDIFICIOS E ESPAZOS DE USO PÚBLICO FONDOS FEDER –GALICIA PARA O PERÍODO 2014-2020.-

Dase conta da orde do 21 de xullo de 2017, da Consellería de Política social pola que se regulan as axudas ao Concello para a mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, para a execución do proxecto de obras de mellora de accesibilidade no edificio público do Ximnasio Municipal de Cabanelas”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar memoria valorada do proxecto de obras de mellora de accesibilidade no edificio público do Ximnasio Municipal de Cabanelas, cun orzamento total de 43.575,91€ (IVE engadido), redactada polo técnico municipal.

SEGUNDO.- Solicitar á Consellería de Política Social una subvención para o proxecto de obras de mellora de accesibilidade no edificio do Ximnasio Municipal de Cabanelas, por un importe de 32.681,93€, cantidade correspondente ao 75% do orzamento do proxecto, máximo que establece a orde no artigo 6.

TERCEIRO.- Comprométese a financiar con fondos propios a diferenza do financiamento para a execución dos proxectos descritos.

9º.-CERTIFICACIÓN DA OBRA DE “REDE DE ILUMINACIÓN PÚBLICA NOS LUGARES DE RAMIRON (LOIS) E PUXAFEITA (RIBADUMIA)”

Vista a certificación de obra nº 1 e final da denominada “Rede de iluminación pública nos lugares de Ramirón (Lois) e Puxafeita (Ribadumia))” e factura correspondente que presenta a empresa Montajes Eléctricos Salnés, S.L., por importe de catorce mil setecentos sesenta e dous euros (14.762,00 €)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, ACORDA:

1º.- Prestar aprobación á certificación nº 1 e final da obra denominada “Rede de iluminación pública nos lugares de Ramirón (Lois) e Puxafeita (Ribadumia))”, que

presenta a empresa Montajes Eléctricos Salnés, S.L., segundo a Resolución de adjudicación por procedemento do contrato menor dictada con data 28 de abril de 2017, en base ó acordo adoptado polo Pleno con data 23/11/16.

2º.- Prestar aprobación á factura seguinte:

Nª e data	Empresa	Concepto	Importe
17-135 de 23/08/17	<i>Montajes Eléctricos Salnés, S.L.</i>	<i>Rede de iluminación pública nos lugares de Ramirón (Lois) e Puxafeita (Ribadumia)</i>	<i>14.762,00 €</i>

A Xunta de Goberno Local, dase por enterada da anterior Resolución, acordado, por unanimidade dos Sres. asistentes ratificar o seu contido.

10º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A OBRA DENOMINADA "REFORMA, AMPLIACIÓN DE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS E URBANIZACIÓN DO CONXUNTO EN BARRANTES".-

Vista a da convocatoria do Plan de Investimentos en Equipacións e Dotacións Singulares na mellora do reequilibrio territorial dos servizos en concellos de menos de 20.000 habitantes realizada pola Deputación Provincial de Pontevedra publicada no B.O.P nº 156, de 16 de agosto de 2017.

Vista a necesidade de proceder á realización de obras de reforma e ampliación dos equipamentos públicos existentes de campo de fútbol, pavillón polideportivo e a urbanización do conxunto habilitando novos aparcamentos e un parque público integrado entre o CEIP e os demais equipamentos nesa zona.

Dase conta do anteproxecto proxecto técnico redactado para a obra denominada "Reforma, ampliación de equipamentos públicos e urbanización do conxunto en Barrantes", redactado por D. Jesús Mª Dieguez Pazos, e que ascende a un importe total de 1.456.265,38 euros (IVE engadido).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Realizar a actuación denominada "Reforma, ampliación de equipamentos públicos e urbanización do conxunto en Barrantes", asumindo o compromiso de cumprir as condicións da convocatoria do Plan de Investimentos en Equipacións e Dotacións Singulares na mellora do reequilibrio territorial dos servizos en concellos de menos de 20.000 habitantes realizada pola Deputación Provincial de Pontevedra.

SEGUNDO.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 1.165.012,30 € (equivalente ó 80% do custo da actuación), con cargo ó devandito Plan, asumindo o compromiso de comunicar á Deputación de Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foran tidas en conta para o outorgamento da subvención.

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de aprobar o proxecto da obra de **"REFORMA, AMPLIACIÓN DE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS E URBANIZACIÓN DO CONXUNTO EN BARRANTES"**, antes do 30 de setembro

CUARTO.- Adoptar o compromiso de aportación na financiación achegando a contía de 291.253,08 euros, con cargo a fondos propios, no caso de ser concedida a axuda solicitada.

QUINTO.- Declarar que o proxecto de "REFORMA, AMPLIACIÓN DE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS E URBANIZACIÓN DO CONXUNTO EN BARRANTES", non precisa de permisos ou autorizacións sectoriais, segundo o informe do técnico.

SEXTO.- Declarar que a finalidade obxecto da subvención é unha competencia municipal.

11º.- PAGOS E FACTURAS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes acorda prestarlle aprobación ós seguintes pagos e facturas:

<i>METRALLA: RETIRADA VALLA PUBLICITARIA EN LEIRO PARA OBRA DE ACERAS</i>	<i>677,60 €</i>
<i>AUTOMOCION LA JUNQUERA, S.L.: REPARACION RENAULT MATRICULA C9819BY</i>	<i>908,83 €</i>
<i>ELEFONCA, S.L.: OBRA DE FONTANERÍA NO CAMPO FÚBTOL RIBADUMIA</i>	<i>829,05 €</i>
<i>ELEFONCA, S.L.: REFORMA INSTALACION FONTANERIA EN CAMPO DE FÚBTOL DE RIBADUMIA</i>	<i>3.627,12 €</i>
<i>METRALLA: BAÑERA HIELO EN ACERO INOX.ENFRIAMIENTO XOGADORES CLUB UMIA</i>	<i>1.512,50 €</i>
<i>RIGEL: REPARACION ALARMA AVERIADA POR TORMENTA, AUDITORIO RIBADUMIA</i>	<i>834,51 €</i>
<i>RIGEL: REPARACION ALARMA AVERIADA POR TORMENTA, CENTRO SOCIAL DE BARRANTES E ESCOLA MUSICA</i>	<i>637,77 €</i>
<i>RIGEL: REPARACION ALARMA AVERIADA POR TORMENTA, PABELLON RIBADUMIA A SENRA</i>	<i>606,91 €</i>

<i>LYRECO ESPAÑA SA: MATERIAL VARIO ESCOLA VERAN 2017</i>	<i>709,71 €</i>
<i>M&M EVENTOS: CONTRATACIÓN PARA FESTA DO PAN (MESAS E SILLAS, CARPA, MONITORES, COCIÑEIROS, DUO MUSICAL, PRESENTACIÓN EVENTO...)</i>	<i>5.566,00 €</i>
<i>AREA COMERCIAL PINTOS, S.L.: SUMINISTRO SILLAS PLEGABLES PARA EVENTOS</i>	<i>694,06 €</i>
<i>AREA COMERCIAL PINTOS, S.L. SUMINISTROS VARIOS PARA PISCINA MUNICIPAL</i>	<i>884,61 €</i>
<i>SOIL RECOVERY: S/FRA. NÚM: 0168 FECHA: 31/07/2017 Coste fijo mensual</i>	<i>631,93 €</i>
<i>SOGAMA: TRATAMIENTO RU MES DE XULLO 2017</i>	<i>12.612,60 €</i>
<i>TV MANCOMUNIDADE DO SALNES: SPOT E EMISION CAMPAÑA PROMOCION FESTA DO PAN 2017</i>	<i>1.089,00 €</i>
<i>AFYT: SERVICIO ASESORAMIENTO E TRAMITACIÓN LABORAL XULLO 2017</i>	<i>1.068,43 €</i>
<i>CATERING SENIN: COMIDA FESTA DOS NOSOS MAIORES 2017</i>	<i>4.084,30 €</i>
<i>SOIL RECOVERY: SERVICIO DE LAVADO DE CONTENEDORES RECICLAXE ORGANICO</i>	<i>5.083,79 €</i>
<i>MELDOSA: REDE DE ALUMEADO EN RAMIRÓN (LOIS) E PUXAFEITA (RIBADUMIA)</i>	<i>14.762,00 €</i>
<i>ARQUIUR AROSA, S.L.P.: FACT. NUM. 18/17 DELINEACION, DOCUMENTACION, CALCULOS, COPIAS E ENCUARDENACIONS PROXETO REDE SANEAMENTO BARRAL</i>	<i>665,50 €</i>
<i>ARQUIUR AROSA, S.L.P.:FACT. NUM. 19/17DELINEACION, DOCUMENTACION, CALCULOS, COPIAS E ENCUARDENACIONS, PROXECTO AMPLIACION EDIF. SERVIZOS SOCIAIS</i>	<i>1.331,00 €</i>
<i>ARQUIUR AROSA, S.L.P.: FACT. NUM. 17/17 DELINEACION, DOCUMENTACION, CALCULOS, COPIAS E ENCUARDENACIONS PROXECTO URBANIZACION IGREXA BARRANTES</i>	<i>1.040,60 €</i>
<i>ARQUIUR AROSA, S.L.P.: FACT. NUM. 16/17, DELINEACION, CALCULOS, COIPAS E ENCARPETADO PROXECTO ESTACIONAMENTO RUTA PEDRA E AUGA</i>	<i>810,70 €</i>
<i>QUERUBINES: ASISTENCIA GARDERIA AGOSTO 2017</i>	<i>11.512,04 €</i>
<i>DIEGUEZ PAZOS, JESUS MARIA: FACT. NUM. 09/17 ASESORAMIENTO</i>	<i>2.650,00 €</i>

URBANISMO Y OBRAS

<i>SOCIEDAD GENERAL AUTORES E ESCRITORES: HUMANA TANGO 02/06/2017 OLYMPUS 04/06/2017 GRAFITTI 03/06/2017 CHARLESTON</i>	<i>2.229,45 €</i>
<i>MR. MISTO FILMS, S.L.: CINE NA RÚA DIAS 24/07 E 14/08</i>	<i>956,00 €</i>
<i>LIBRERIA BARRANTES, S.L.: ADQUISICION LIBROS BIBLIOTECA MUNICIPAL</i>	<i>1.633,82 €</i>
<i>T.Q. TECNOL S.A.: PINTURA PARA SINALIZACION ZONA APARCAMENTOS E PASOS PEÓNS</i>	<i>883,30 €</i>
<i>MANCOMUNIDADE DO SALNES: CONSUMO AUGA MES DE XUÑO</i>	<i>10.792,98 €</i>
<i>MANCOMUNIDADE DO SALNES: CONSUMO AUGA MES XULLO</i>	<i>14.236,43 €</i>
<i>ILUMINACIONES ARTISTICAS SALNES: S/FRA. NÚM: 88 FECHA: 17/08/2017 ILUMINACIÓN ARTÍSTICA FESTA DO PAN. Por la iluminación ornamental de "A Festa do Pan" celebrada el 12 de Agosto en Ribadumia, con la tramitación de permisos y boletines</i>	<i>3.327,50 €</i>
<i>R: TELEFONIA MOVIL MES XULLO</i>	<i>1.338,84 €</i>
<i>ACHEGA: SAF DEPENDENCIA LABORAIS</i>	<i>11.772,59 €</i>
<i>ACHEGA: SAF LIBRE CONCORRENCIA LABORAIS</i>	<i>2.105,40 €</i>
<i>SOGAMA: TRATAMIENTO RESIDUOS URBANOS AGOSTO 2017</i>	<i>13.424,92 €</i>

E non habendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión sendo as catorce horas e quince minutos de todo o cual eu, como Secretaria, dou fe.-